

MATERIA  
Motricidade infantil

TITULACIÓN  
Grao en mestre/a de Educación Infantil

unidade  
didáctica  
**3.1**

# As habilidades perceptivas

**José Eugenio Rodríguez Fernández**

Área de Didáctica da Expresión Corporal  
Departamento de Didácticas Aplicadas  
Facultade de Ciencias da Educación

**unidadesdidácticas**  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

**Deseño e maquetación**  
J. M. Gairí

**Edita**  
Edicións USC  
[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI  
<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155184>

**MATERIA: Motricidade Infantil**

**TITULACIÓN: Grao en mestre/a de Educación Infantil**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**TEMA 1. A importancia da motricidade na etapa da Educación Infantil**

- Análise da motricidade nas áreas curriculares do Decreto 330/2009
- Os obxectivos da motricidade nesta etapa
- Os contidos da motricidade nesta etapa
- As orientacións metodolóxicas
- Os criterios de avaliación

**TEMA 2. Bases do desenvolvemento motor**

- O desenvolvemento físico
- A evolución das adquisicións motrices de 0 a 6 anos

**TEMA 3. Os contidos para o desenvolvemento da educación da motricidade infantil**

**- As habilidades perceptivas**

- As habilidades motrices básicas
- A expresión corporal
- O xogo

**TEMA 4. Didáctica para a educación da motricidade infantil**

- A planificación didáctica
- A metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe
- O xogo como recurso metodolóxico
- As actividades
- A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe

**TEMA 5. Propostas curriculares**

- Planificación de exemplificacións didácticas

**TEMA 6. Sesións prácticas**

- Prácticas de ensinanza

## **ÍNDICE**

---

### **PRESENTACIÓN**

#### **OBXECTIVOS**

1. Xerais
2. Específicos

#### **COMPETENCIAS**

1. Básicas e xerais
2. Transversais
3. Específicas

#### **METODOLOXÍA**

1. Sesións expositivas
2. Sesións interactivas
3. Actividades propostas
  - 3.1. Sobre os contidos teórico-conceptuais (que se van desenvolver nas sesións expositivas)
  - 3.2. Sobre os contidos procedementais (que se van desenvolver nas sesións interactivas)

#### **CONTIDOS**

1. Introducción
2. O esquema corporal
  - 2.1. A actitude postural
  - 2.2. A respiración
  - 2.3. A relaxación
3. A lateralidade
4. A espacialidade e a temporalidade
  - 4.1. A espacialidade
  - 4.2. A temporalidade
5. O ritmo
6. O equilibrio
7. A coordinación

#### **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

#### **BIBLIOGRAFÍA**

## PRESENTACIÓN

---

Na etapa da Educación Infantil, nenos e nenas atopan no seu corpo e no movemento a chave para entrar en contacto coa realidade na que se ven mergullados e, deste xeito, poden adquirir os primeiros coñecementos do mundo no que están crecendo, desenvolvéndose. Isto proporcionaralles multitude de experiencias de formas moi diferentes. Neste sentido, a Educación Física, no sentido máis amplo da disciplina que se encarga da educación da persoa a través do movemento, preséntase como unha ferramenta imprescindible para que nenos e nenas, a través do seu corpo e do movemento, adquiran un coñecemento significativo das cousas e, sobre todo, da realidade.

Esta unidade didáctica forma parte da materia de *“Motricidade Infantil”* que estudan os futuros mestres e mestras de Educación Infantil na Universidade de Santiago de Compostela, disciplina de carácter obrigatorio, cunha carga lectiva de 6 créditos, que se encaixa no terceiro curso do grao. Dentro dos contidos que traballan os estudantes, as capacidades perceptivo-motrices, dentro da actuación pedagóxica global que caracteriza a etapa de Educación Infantil, constitúen a base para o desenvolvemento de posteriores habilidades, como poden ser as habilidades motrices básicas, que non deixan de ser os movementos máis simples que o neno realiza nos primeiros anos de vida. Tal e como o expresan Gil, Contreras e Gómez (2008, p. 78), as capacidades perceptivo-motrices organizan o movemento en base á “percepción do propio corpo; a percepción espacial como a situación, a dirección ou a orientación; a percepción temporal como a duración ou o ritmo; o coñecemento da contorna física e desenvolvemento no medio social. O corpo solicitado polos factores perceptivo motores é o corpo consciente, vinculado á motricidade voluntaria, á representación mental; un corpo comprometido en pensar, en decidir, en actuar; un corpo que é o dun ser ávido de coñecer. A percepción é un proceso cognitivo moi valorado dende sempre na institución escolar, xa que un dos aspectos fundamentais da percepción é a significación. A percepción implica interpretar a información e construír obxectos dotados de significación. Trátase de retomar os propios coñecementos, operar sobre eles construíndo novas aprendizaxes e saber expresalas”.

## OBXECTIVOS

---

### 1. Xerais

- Comprender a complexidade da motricidade na Educación Infantil e as diferentes perspectivas dende as que pode abordarse o seu estudo.
- Coñecer e analizar os elementos e contidos básicos da motricidade infantil que lle permitan ao alumnado argumentar e tomar decisións axustadas para a súa aprendizaxe.
- Identificar, dende unha perspectiva globalizada, os contidos referentes á motricidade infantil.
- Poñer en práctica simuladora os contidos da motricidade infantil.

## 2. Específicos

- Coñecer o concepto, características e metodoloxía de traballo das capacidades perceptivo-motrices, referentes ao esquema corporal, lateralidade, espacialidade, temporalidade, ritmo, equilibrio e coordinación.
- Desenvolver tarefas que poñan en práctica as capacidades perceptivo-motrices.
- Deseñar programas de intervención psicomotriz, a través dunha metodoloxía global e lúdica, que poñan en práctica as capacidades perceptivo-motrices.

## COMPETENCIAS

---

### 1. Básicas e xerais

- Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6 no contexto escolar.
- Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, dende unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións.
- Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e reflexionar sobre eles.
- Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente.
- Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre o alumnado.

### 2. Transversais

- Coñecemento instrumental da lingua galega.
- Coñecemento instrumental das tecnoloxías da información e da comunicación.

### 3. Específicas

- Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa, así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
- Coñecer e empregar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
- Saber empregar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas nos principios lúdicos.
- Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e expresión musicais, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.

## **METODOLOXÍA**

---

### **1. Sesións expositivas**

A proposta metodolóxica que se vai empregar pretende conxugar o formato de clase expositiva coas metodoloxías activas e participativas, así como o traballo autónomo e a autoaprendizaxe. As actividades presenciais terán como obxectivo introducir e explicar o contido das capacidades perceptivo-motrices, clarificar os conceptos importantes, dar unha visión global dos contidos deste bloque e relacionar coñecementos para facilitar a aprendizaxe significativa, acompañando a exposición de organizadores previos, definicións, cadros sinópticos, esquemas, etc. O apoio de material visual e recursos en rede empregaranse para clarificar os contidos tratados e servir de referencia e punto de partida para os traballos e actividades de carácter grupal.

### **2. Sesións interactivas**

Co traballo interactivo en laboratorio, preténdese dotar o alumnado das ferramentas necesarias para a realización dun traballo autónomo (indagación e manexo de diferentes fontes de información, comparacións a nivel teórico-explicativo, establecemento de relacións conceptuais...), propiciar a transferencia da teoría á práctica, que o alumnado aprenda a elaborar e presentar informes, confronte diferentes puntos de vista e sexa capaz de construír significados compartidos, axudado da labor mediadora do docente. A concreción das tarefas requiridas e os materiais necesarios serán presentados polo alumnado nas correspondentes sesións de clase. Nas sesións interactivas realizaranse diferentes actividades de carácter práctico e, os resultados do traballo, habitualmente realizado en grupo, deberán ser defendido oralmente e mediante a práctica ante os compañeiros e, posteriormente, debatidos en gran grupo.

### **3. Actividades propostas**

#### **3.1. Sobre os contidos teórico-conceptuais (que se van desenvolver nas sesións expositivas)**

- Parte de contidos teóricos que entran nunha proba final escrita (exame).
- Supostos prácticos para desenvolver en pequenos grupos e, posteriormente, en gran grupo, durante as sesións expositivas.
- Xogos e actividades lúdicas en pequenos grupos para mellorar a comprensión e coñecemento dos contidos conceptuais deste bloque de contidos.

### **3.2. Sobre os contidos procedementais (que se van desenvolver nas sesións interactivas)**

- Exposición oral, en pequenos grupos, dos contidos asignados referentes ás capacidades perceptivo-motrices.
- Deseño, en pequenos grupos, dun programa de intervención psicomotriz baseado nun contido específico das capacidades perceptivo-motrices.
- Posta en práctica, en pequenos grupos, dunha sesión de corenta minutos sobre os contidos asignados referentes ás capacidades perceptivo-motrices.
- Debate, en gran grupo, dos contidos tratados na práctica sobre as capacidades perceptivo-motrices.

## **CONTIDOS**

---

### **1. Introducción**

Segundo Castañer e Camerino (2006), o corpo, o espazo e o tempo, son os tres principais bloques das capacidades perceptivo-motrices. Estes mesmos autores definen as capacidades perceptivo-motrices como aquelas derivadas da estrutura neurolóxica e que son especificamente dependentes do Sistema Nervioso Central, servindo, á súa vez, como base para o desenvolvemento das habilidades motrices básicas.

### **2. O esquema corporal**

Le Boulch (2001) facía referencia ao esquema corporal como unha intuición de conxunto ou un coñecemento inmediato que temos do noso corpo, da relación das súas diferentes partes e as súas relacións co espazo circundante de obxectivos e persoas. Neste sentido, e falando sempre no concepto máis amplo da corporalidade, deberíamos diferenciar os conceptos de esquema corporal, imaxe corporal e conciencia corporal. O esquema corporal fai referencia a unha visión cuantitativa do corpo humano segundo o seu morfotipo, estruturas óseas e musculares, dándonos unha percepción global e segmentaria deste; a imaxe corporal fai referencia á visión cualitativa, ao conxunto de ideas que xiran en relación ao corpo de cada persoa (obxectiva –real- ou subxectiva –a que desexamos ou que consideramos ideal-); e a conciencia corporal non vén sendo outra cousa que o continuo contraste entre o esquema e a imaxe corporal.

Segundo Barcala, Abelairas e Gil (2016) o esquema corporal segue as leis do desenvolvemento cefalocaudal (que afirma que o desenvolvemento se produce de arriba-abaixo, é dicir, dende a cabeza aos pés) e proximodistal (que, tomando como referencia o eixo lonxitudinal, establece que o desenvolvemento se produce dende as zonas corporais centrais cara ás periféricas). Ademais, considera catro fases no seu desenvolvemento:



- a) *Período maternal* (dende o nacemento ata os dous anos). Dende os movementos reflexos ata a marcha, logrando movementos coordinados e a primeira toma de conciencia do corpo.
- b) *Período global da aprendizaxe* (dos dous aos cinco anos). Lógrase unha maior coordinación dos movementos a través das manipulacións e a motricidade é clave no coñecemento e aprendizaxe.
- c) *Período de transición* (dos cinco aos 7 anos). Prodúcese un desenvolvemento das posibilidades de control postural e respiratorio, da consolidación da lateralidade e una maior independencia dos brazos respecto do tronco.
- d) *Elaboración definitiva do esquema corporal* (dos sete aos doce anos). Tómase conciencia dos diferentes elementos corporais e prodúcese un perfeccionamento do control da súa mobilización (relaxación global e segmentaria, independencia de brazos e pernas respecto do tronco ou independencia do lateral dereito sobre o esquerdo –e viceversa–, entre outros).

En definitiva, o esquema corporal constrúese sobre a base da información sensorial transmitida polo corpo cando se move e na interacción co entorno e con outras persoas; madura a medida que o individuo crece, actualizando modelos de actuación que son máis complexos nos nenos que nos adultos.

Os tres compoñentes propios do esquema corporal son a actitude postural, a respiración e a relaxación, que de seguido se desenvolven:

### 2.1. A actitude postural

A actitude postural é un dos factores principais do esquema corporal e consiste na adopción dunha determinada postura, que depende de diferentes factores de carácter exógeno ou endógeno e, tamén, é modificable co paso do tempo. O esquema corporal recibe a maior parte da información a través da propiocepción, o que desempeña tamén un importante rol no control da postura e no control tónico. Castañer e Camerino (2006) falan de actividade tónico-postural-ortoestática, diferenciando tres tipos de ton muscular:

- a) *Ton de repouso ou de base*: contracción mínima do músculo en repouso, que pode verse modificada por condicionantes como a fatiga, a relaxación, a idade, etc.
- b) *Ton de preacción ou postural*: ton de actitude ou mantemento que se axusta á forza da gravidade no momento de dar comezo unha acción motriz.
- c) *Ton de acción*: ou da acción motriz asociado á forza muscular.

### 2.2. A respiración

A respiración é un fenómeno reflexo que regula o intercambio de oxíxeno e dióxido de carbono. Durante o seu desenvolvemento, prodúcense diferentes procesos

que, de forma xeral, permítennos respirar ou, tamén, manter temporalmente o aire con diferentes fins. Os conceptos básicos do proceso de respiración son:

- a) *Inspiración*, que consiste na atracción de aire cara aos pulmóns.
- b) *Expiración*, que consiste na acción contraria á inspiración, ou sexa, a expulsión do aire dos pulmóns.
- c) *Apnea*, ou mantemento da respiración en máxima inspiración.
- d) *Dispnea*, ou mantemento da respiración en máxima expiración.

Pódense diferenciar, polo menos, dúas clasificacións da respiración:

- a) En función da vía de captación e expulsión de oxíxeno:
  - *Nasal*: a inspiración e a expiración realízase polo nariz.
  - *Oronasal*: a inspiración realízase polo nariz e, a expiración, pola boca.
  - *Oral*: tanto a inspiración como a expiración realízase pola boca.
- b) En función do tipo de respiración:
  - *Respiración baixa, abdominal ou diafragmática*: realízase dende a parte máis baixa dos pulmóns e permite unha maior recepción de oxíxeno por parte do organismo. Debe ser lenta e silenciosa.
  - *Respiración media ou torácica*: é o tipo de respiración máis habitual e a captación de oxíxeno realízase máis arriba que a abdominal, polo que a recepción non é tan elevada.
  - *Respiración alta ou clavicular*: é a máis superficial das tres e na que menos cantidade de oxíxeno se recibe, xa que tan só se enche a porción superior dos pulmóns.

### 2.3. A relaxación

Enténdese por relaxación aquel proceso consciente ou inconsciente polo que se consegue un descanso do corpo, eliminando tensións e acumulando enerxía, obtendo á súa vez un baixo ton de actividade e unha desintoxicación do propio músculo, para preparar o organismo para unha actividade, ou ben extinguir os efectos dunha actividade anterior, conseguindo un mellor benestar e unha maior saúde interior (Aguirre e Garrote, 1994).

En toda actividade de relaxación deben terse en conta unha serie de factores para conseguir ese estado de benestar ao que faciamos referencia anteriormente. Falamos así dun contexto agradable onde non haxa ruídos, a luz e a temperatura da sala sexan adecuadas e, incluso, a vestimenta da propia persoa lle permita comodidade nos movementos. E para conseguir ese estado de relaxación tamén se soe recorrer a diferentes técnicas, que acostuman a clasificarse en técnicas de relaxación *pasivas* (adestramento autógeno de Schulz ou técnicas de masaxe relaxante), *activas* (relaxación muscular progresiva de Jacobson e a relaxación progresiva de Wolpe, por exemplo) ou *combinadas* (como poden ser a corrección activa da postura, a técnica de Alexander ou o *biofeedback*), que se diferencian

basicamente no grao de participación da persoa (e axudas externas) nese proceso de movemento ou relaxación.

### 3. A lateralidade

A lateralidade defínese como a predominancia dun lateral corporal sobre o outro. En termos máis neurofisiolóxicos, pode considerarse como a predominancia dun hemisferio cerebral sobre o outro, é dicir, polo hemisferio que asume unha maior responsabilidade na recepción de estímulos e organización da resposta. O hemisferio cerebral contrario ao lateral corporal que realiza a acción é o que controla a actividade, xa que as vías motoras teñen a innervación cruzada, de tal maneira que as accións da man dereita son controladas polo hemisferio esquerdo e viceversa (Serrien, Ivry, e Swinnen, 2006).

Segundo Castañer e Camerino (2006), a lateralidade é a capacidade perceptivo-motriz resultante da corporalidade e a espacialidade, aínda que Le Boulch (2001) considéraa como unha capacidade pertencente ao esquema corporal. Dun ou doutro xeito, en función do lateral corporal predominante, pódense distinguir os seguintes tipos de lateralidade:

- a) *Lateralidade homoxénea*, na que se observa o predominio completo dun lado fronte ao outro, ben sexa destro ou zurdo.
- b) *Lateralidade heteroxénea*, na que se poden diferenciar:
  - Lateralidade cruzada: o predominio dun lado fronte ao outro non é homoxéneo, é dicir, cambia en función da extremidade ou incluso da actividade que se vaia a realizar. Un exemplo podería ser un neno que escribe coa man dereita pero pateia unha pelota co pé esquerdo.
  - Ambidextrismo: uso indistinto dun ou do outro lado do corpo. En termos de desenvolvemento motor, se a lateralidade non está ben definida, pode provocar problemas. Noutros casos, por exemplo, de rendemento deportivo, o ambidextrismo, cun do dominio de ambos os lados corporais, sería o ideal.
- c) *Lateralidade invertida*, que se dá naquelas persoas non que a súa tendencia natural era zurda e cambiou a destra, ou viceversa.

No desenvolvemento da lateralidade distínguense catro fases:

- a) *Localización ou identificación*. Fase que se dá, aproximadamente, nos tres primeiros anos de vida, onde a lateralidade non está definida e obsérvanse cambios nas habilidades manuais. Entre os estudosos da materia, hai consenso ao afirmar que nos primeiros dezaioito meses non hai preferencia clara do emprego dunha ou doutra man, comezando a apreciarse a partir desta idade.
- b) *Fixación*. Arredor dos catro ou cinco anos, apréciase o lado dominante e aquí os educadores é onde teñen que intervir decididamente, traballando preferentemente co lado do corpo do neno ou segmento que ofrezca un maior rendemento.

- c) *Desenvolvemento*. Dos seis aos oito anos afiázanse as ideas de esquerda-dereita. Débese continuar coa consolidación do lado dominante, pero tamén introducir tarefas do lado non dominante.
- d) *Maduración*. Dos oito aos dez anos debe traballarse especialmente o lado non dominante, sendo unha fase denominada por diversos autores como fase de maduración ou ambidextrismo.

#### 4. A espacialidade e a temporalidade

Se a corporalidade se refire ao dominio e coñecemento do corpo en relación a si mesmo, a espacialidade e a temporalidade fan mención ao desenvolvemento da corporalidade en relación ao tempo e ao espazo. Segundo Latorre e López (2009), durante as primeiras etapas de vida, o desenvolvemento da espacialidade (percepción espacial) e temporalidade (percepción temporal) son de vital importancia e atópanse intimamente relacionadas co desenvolvemento do esquema corporal do neno. A medida que o neno crece, comeza a percibir o espazo, permitíndolle establecer relacións entre os obxectos, as persoas e el mesmo. A percepción espacial e temporal deben entenderse como unha única entidade, non podendo fragmentarse durante a execución de calquera actividade motriz, xa que todos os movementos se producen nun tempo e nun espazo determinado.

##### 4.1. A espacialidade

A espacialidade é a toma de conciencia da persoa, da súa situación e das súas posibles situacións no espazo que o rodea, o seu entorno e os obxectos que nel se atopan. Posuír unha boa percepción espacial permitiralle ao neno ser capaz de situarse, desprazarse, orientarse, tomar diversas direccións no espazo no que se atopa, así como analizar e representar as situacións que nel suceden. A espacialidade está formada polos seguintes elementos:

- a) *Relación espacial*. As relacións espaciais que o neno pode establecer entre os obxectos ou entre os obxectos e el mesmo, poden ser:
  - *Relacións topolóxicas*: que fan referencia a relacións cualitativas elementais entre os obxectos (de veciñanza, de sucesión espacial, envolvimento ou continuidade).
  - *Relacións proxectivas*: que se fundamentan nas topolóxicas e responden á necesidade de situar, en función dunha perspectiva dada, os obxectos con relación aos demais (fan referencia ao coñecemento elemental de profundidade, constancia de forma e tamaño do obxecto).
  - *Relacións métricas*: que denotan a capacidade de coordinar os obxectos entre si e en relación cun sistema ou unhas coordenadas de referencia; e implica que durante as tarefas que desenvolven os nenos deben poñer en xogo medidas de lonxitude, volume ou de superficie.

- b) *Organización espacial*. É o produto das relacións espaciais, a orientación espacial e a estruturación espacial, constituíndo os piares para que o neno organice os seus movementos no espazo. A eficacia durante a acción motriz incrementárase a medida que o neno adquire unha maior pluralidade de experiencias en relación co seu propio corpo, ao seu entorno e aos obxectos que nel residen.
- c) *Orientación espacial*. Defínese como a aptitude para manter en constante localización o propio corpo en función da posición dos obxectos, así como para localizar e poñer os obxectos en función da propia posición. Inclúe relacións topolóxicas entre o propio corpo e os obxectos, como relacións de orientación (arriba-abaxo, alto-baixo, diante-detrás...), distancia (lonxe-cerca, xunto-separado...), situación (dentro-fóra, encima-debaixo...) orde e sucesión (ordenar obxectos segundo cualidades).
- d) *Estruturación espacial*. Entendida como a capacidade de apreciar situacións ou obxectos en tres dimensións, en relación (ou non) co tempo: recoñecemento de traxectorias, percepción de distancias respecto a puntos fixos ou en movemento no espazo, etc...

#### 4.2. A temporalidade

O movemento humano é un fenómeno que se desenvolve no espazo e que, á súa vez, tamén no tempo. Se o espazo é algo abstracto para o neno, o tempo aínda o é máis, porque non se pode percibir polos sentidos do mesmo xeito que ocorre co espazo, senón que se perciben unicamente os acontecementos: a acción motriz, as súas velocidades e os resultados. A adquisición das capacidades de percepción temporal durante o segundo ciclo de educación infantil pode desenvolverse mediante experiencias dinámicas ou mediante o ritmo. O neno desenvolve a temporalidade mediante a acción motriz, xa que esta permítelle coñecer a duración dun determinado movemento, o seu comezo, o final e o ritmo ao que pode executar ese momento.

Castañer e Camerino (2006) identifican como elementos propios da percepción temporal os seguintes:

- a) *Estruturación temporal*, entendida como a consciencia e vivencia das accións motrices en relación co tempo. Un primeiro nivel de estruturación deriva directamente de dous grandes aspectos que estruturan o tempo das nosas accións motrices: a orde (distribución sucesiva de feitos e situación que acontecen) e a duración (intervalo que separa dous puntos de referencia temporal). Un segundo nivel de estruturación da temporalidade atopámolo cando o tempo, aínda sendo intanxible e invisible, pasa a ser audible.
- b) *Organización temporal*. A materialización do tempo, ao ser intanxible e invisible, obtense asociando diferentes elementos (orde, duración, velocidade...) ao movemento do neno, resultando nocións como simultaneidade (na que os tempos se dan á vez) e secuencialidade (na que os tempos van un detrás do outro).

- c) *Orientación temporal*. Definida como a capacidade para percibir as relacións temporais (velocidade e ritmo), este concepto non se pode plasmar obxectivamente en idades temperás, polo que é necesario recorrer a nocións temporais significativas como noite-día, inverno-verán, almorzo-comida-cea, etc.

## 5. O ritmo

A estrutura corporal das diversas secuencias do movemento remite á capacidade de organización temporal representada polo ritmo. Dentro do desenvolvemento das capacidades perceptivo-motrices, o ritmo atópase na intersección entre a corporalidade e a temporalidade. O ritmo non é só un factor perceptivo, senón que desempeña un papel fundamental na mellora de automatismos da execución motriz. Un axeitado desenvolvemento da capacidade do ritmo permitirá ao neno mellorar a súa plasticidade coa que executa un determinado movemento, a relaxación e independencia segmentaria, as bases da capacidade coordinativa e do axuste e control motor resultantes.

Lapierre (1981) afirma que o ritmo posúe dous aspectos básicos cos que se contribúe á educación do neno:

- Aspecto analítico-racional*: relacionado coa estrutura e organización temporal e, tamén, coa aprendizaxe das técnicas rítmicas.
- Aspecto afectivo-emocional*: orixinado nos estratos máis profundos da personalidade e que permite suscitar e expresar unha gran variedade de sentimentos, como por exemplo a tristeza, alegría ou aburrimiento, entre outros. Este aspecto afectivo dos ritmos sonoros e xestuais pódese aplicar perfectamente a través da expresión e comunicación corporal.

Para Castañer e Camerino (2006) identifícanse tres sistemas que interveñen no desenvolvemento da capacidade rítmica:

- Indución rítmica*, producindo unha sincronización entre o estímulo e a resposta, provocado pola reacción e anticipación ante un son, unha melodía ou un ritmo concreto.
- Discriminación cognoscitiva*, que fai referencia ao proceso individual de cada neno de asimilación, distinción e comprensión das estruturas rítmicas.
- Execución motriz*, que é o último nivel de capacitación rítmica, permitindo ao neno desenvolver a acción motriz en consonancia co ritmo.

O ritmo permítelle ao neno executar movementos co obxectivo de obter a aprendizaxe de novas habilidades, así como unha mellor execución técnica das mesmas. O ritmo permítelle economía durante a acción motriz (contracción-relaxación), automatización do movemento (asimilación máis rápida dos movementos) e axuda a desenvolver a percepción do tempo e do espazo (estruturación espazo-temporal).

## 6. O equilibrio

O equilibrio é definido por Castañer e Camerino (1991) como a capacidade que nos permite controlar o propio corpo para recuperar a correcta postura ante os diversos factores desequilibradores. Por ser un elemento de suma importancia dentro da coordinación xeral, o equilibrio é unha capacidade que pode estar incluída en:

- a) Habilidades motrices básicas de estabilidade
- b) Capacidades perceptivo-motrices (dentro do desenvolvemento da espacialidade, a temporalidade e a corporalidade).
- c) Capacidades ou funcións coordinativas.

O neno necesita dun correcto equilibrio para poder comezar a descubrir o mundo que o rodea. O equilibrio será apeza angular da bipedestación e dos desprazamentos, así como calquera outra acción ou tarefa motriz. O desenvolvemento desta capacidade permitirá a acción diferenciada de todos os membros superiores, unha maior coordinación e movementos máis precisos e económicos.

Unha das clasificacións máis habituais dentro da literatura é a proporcionada por Rigal (2006), que distingue dous tipos de equilibrio:

- a) *Estático*. Tamén denominado equilibrio postural, é a capacidade de manter unha determinada postura nunha situación na que non se produce desprazamento do centro de gravidade fóra da base de sustentación.
- b) *Dinámico*. Atópase sempre relacionado coa modificación da situación no espazo do centro de gravidade do neno. Así, refírese á capacidade de manter ou recuperar a postura correcta ou equilibrada despois da realización dunha acción, e está baseado no equilibrio estático ou postural.

Na súa didáctica, o docente deberá comezar polo desenvolvemento correcto do equilibrio estático do neno, xa que este é o pilar fundamental do equilibrio dinámico. Un nivel de equilibrio non axeitado pode provocar que o neno estea cansado, ansioso e, tamén, unha baixada no nivel de concentración durante o acto motor, debido á necesidade de focalizar un maior grao de atención na execución do movemento.

## 7. A coordinación

A coordinación é a capacidade neuromuscular de axustar con precisión co que se quere e pensa de acordo a unha imaxe fixada pola intelixencia motriz e a necesidade de movemento. Para Castañer e Camerino (2006) as habilidades coordinativas son unha capacidade multifactorial, unha constante no movemento do ser humano. Esta capacidade reside en que integra factores perceptivo-motrices e de execución motriz, ao tempo que a súa calidade e eficacia depende da capacitación motriz básica da persoa. Polo tanto, a coordinación motriz non é unha única capacidade, senón un conxunto de capacidades que organizan e regulan de forma precisa todos os procesos parciais dun acto motor en función dun obxectivo motor preestablecido.

As habilidades coordinativas son fundamentais no desenvolvemento global do neno, xa que unha boa coordinación axudaralle a adaptarse máis rapidamente aos

contextos nos que se desenvolve unha determinada acción motriz. As habilidades coordinativas poden clasificarse en:

- a) *Coordinación dinámica xeral*. Responsable do axuste da globalidade de todos os segmentos do corpo, require da acción muscular de moitas rexións musculares. Este tipo de coordinación posúe un baixo contido perceptivo.
- b) *Coordinación dinámica específica ou segmentaria*. Referida ao axuste de determinadas zonas corporais ou segmentos concretos. O seu desenvolvemento é de vital importancia para a consolidación da lateralidade e posúe unha alta carga de contido perceptivo.
- c) *Coordinación intermuscular*. Capacidade de coordinación que teñen todos os músculos que interveñen nunha acción motriz (agonistas, antagonistas, sinérxicos e fixadores), facendo referencia á calidade do movemento en si mesmo.
- d) *Coordinación intramuscular*. Capacidade dun músculo para contraerse de forma eficaz, facendo referencia á calidade da contracción muscular.

### **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

A avaliación global dos coñecementos teórico-conceptuais desta unidade didáctica realizarase de forma conxunta cos das restantes unidades didácticas que conforman o programa xeral da materia. De conformidade cos criterios de avaliación aprobados, o alumnado realizará un exame final que integrará os contidos teórico-prácticos da materia de “*Motricidade Infantil*”.

Asemade, durante as sesións interactivas tamén se realizará unha avaliación específica do traballo desenvolvido polo alumnado respecto das actividades propostas nestas unidade didáctica, empregando unha rúbrica específica que incluírá criterios de avaliación como:

- O grao de calidade da exposición oral realizada por cada grupo de alumnos referentes a un contido concreto das capacidades perceptivo-motrices.
- A especificidade das actividades, manexo do grupo e dinamismo presentados por cada un dos grupos na sesión de corenta minutos no referente a cada contido específico das capacidades perceptivo-motrices.
- O grao de axuste ás directrices achegadas para a elaboración do programa de intervención psicomotriz baseado nun contido específico das capacidades perceptivo-motrices.
- A participación e implicación de cada estudante nos debates finais e nas propostas de resolución de dúbidas expostas polo docente.



## **BIBLIOGRAFÍA**

---

- AGUIRRE, J. e GARROTE, N. (1993). *La Educación Física en Primaria*. Madrid: Edelvives
- BARCALA, R., ABELAIRAS, C., e GIL, P. (2016). *Didáctica de la educación física en educación infantil*. Madrid: Síntesis.
- CASTAÑER, M. e CAMERINO, O. (1991). *La Educación en la Enseñanza Primaria*. Barcelona: INDE.
- CASTAÑER, M. e CAMERINO, O. (2006). *Manifestaciones básicas de la motricidad*. Lleida: Universitat de Lleida.
- GIL, P., CONTRERAS, O. R., e GÓMEZ, I. (2008). Habilidades motrices en la infancia y su desarrollo desde una educación física animada. *Revista Iberoamericana de Educación*, 47, 71-96.
- LAPIERRE, A. (1981). *La educación psicomotriz en la escuela maternal*. Barcelona: Científico-Médica.
- LATORRE, P. e López, J. (2009). *Desarrollo de la motricidad en educación infantil*. Granada: Grupo Editorial Universitario.
- LE BOULCH, J. (2001). *El cuerpo en la escuela en el siglo XXI*. Barcelona: INDE.
- RIGAL, R. (2006). *Educación motriz y educación psicomotriz en preescolar y primaria*. Barcelona: INDE.
- SERRIEN, D. J., IVRY, R. B., e Swinnen, S. P. (2006). Dynamics of hemispheric specialization and integration in the context of motor control. *Nature Reviews Neuroscience*, 7(2), 160-166.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA